



Reuniuse, xunto cos portavoces parlamentarios, co que fora director xeral da UNESCO, Federico Mayor Zaragoza, que agora preside a Fundación Cultura de Paz

## **Baltar Blanco interpreta que educación e cultura son “ferramentas indispensables para a paz”**

**Santiago, 16 de setembro de 2009.-** O vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia, José Manuel Baltar Blanco, considera que Federico Mayor Zaragoza, ex director xeral da UNESCO e actual presidente da Fundación Cultura de Paz constitúe unha “referencia de ámbito internacional en materia de educación e cultura, ferramentas indispensables para edificar a paz”.

Baltar Blanco recibiu no Parlamento a Mayor Zaragoza e ao presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz, Manuel Dios, cos que mantivo unha reunión na que tamén participaron os portavoces dos tres grupos parlamentarios.

Nesta xuntanza, os representantes da Fundación Cultura de Paz animaron á Cámara a elaborar por unanimidade unha Lei de fomento da cultura de paz en Galicia, proposta que Baltar Blanco deixou en mans dos grupos parlamentarios, que a acolleron favorablemente e se amosaron dispostos a tramitala.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia